

Libro “El curioso incidente del perro a medianoche”

The Curious Incident of the Dog in the Night-Time.

Autor: Mark Haddon (2003).

Traducción de Patricia Antón. Ed Salamandra, Barcelona 2006.

Comentario de Ramón Veras Castro

Médico de familia CS San Xosé (A Coruña)

Cad Aten Primaria
Año 2007
Volumen 14
Pág. 227-228

El curioso incidente del perro a medianoche é o primeiro libro para adultos de Mark Haddon (Inglaterra, 1963). Unha ópera prima convertida en bestseller con máis de cinco millóns de unidades vendidas. (EL PAIS, Babelia, 8 de setembro de 2007).

É un libro de fácil lectura, dividido en capítulos curtos, cun motivo central: a descrición do pensamento, das obsesións, dun adolescente excelente en matemáticas e física pero carente de intelixencia emocional, mesturado coas dificultades da súa familia para atende-lo. Christopher, o protagonista, pode producirnos sentimentos encontrados, desesperación co seu comportamento frío e distante cos que o queren, e cariño cando por fin o aceptas tal como é, con todas as súas limitacións na relación social, coa súa inseguridade, pero tamén con todo o seu matemático e ás veces turbulento mundo interior.

O autor aproveita a investigación da morte dun can, realizada polo protagonista, para retratar a vida milimetrada, non apta para sorpresas, dun neno que non sabe reaccionar ante situacións novas, para quen é unha aventura e un reto enorme unha viaxe en tren desde a súa vila ata Londres, que responde preguntas concretas e cerradas pero que enmudece ante as preguntas abertas e non entende o sentido figurado dalgunhas frases (por exemplo: 'me voy al sobre', 'caen chuzos de punta', 'imos mover o esqueleto').

No seu mundo, Christopher non ten ocos para paladar as emocións dos sentidos. É moi ilustrativo o texto do capítulo 181:

“Lo veo todo.

Por eso no me gustan los sitios nuevos. Si estoy en un sitio que conozco como casa, o el colegio, o el autocar, o la tienda, o la calle, lo he visto casi todo antes y todo lo que tengo que hacer es mirar las cosas que han cambiado o se han movido. Por ejemplo, una semana, el póster del Shakespeare's Globe se había caído en el colegio y se notaba porque lo habían vuelto a colgar ligeramente torcido hacia la derecha y había tres pequeños círculos de chinchetas en la pared

al lado izquierdo del póster. Y al día siguiente alguien había hecho una pintada en la farola 437 de nuestra calle, que es la que hay delante del número 35, y ponía CROW APTOK. Pero la mayoría de la gente es perezosa. Nunca miran nada. Hacen lo que se llama *echar un vistazo*, que es como chocar contra algo y continuar sin desviar el camino. Y la información en su cabeza es mínima. Por ejemplo, si están en el campo sería:

1. Estoy de pie en un campo que está lleno de hierba.
2. Hay algunas vacas en los campos.
3. Hace sol y hay unas cuantas nubes.
4. Hay algunas flores en la hierba.
5. Hay un pueblo a lo lejos.
6. Hay una valla al final del campo y tiene una puerta.

Y entonces dejan de darse cuenta de todo porque están pensando en alguna otra cosa, como <<Oh, qué bonito es todo esto>> o <<Me preocupa haberme dejado encendido el gas en la cocina>> o <<Me pregunto si Julie ya habrá dado a luz>>.

Pero si yo estoy de pie delante de un campo me doy cuenta de todo. Por ejemplo, recuerdo estar en un campo el miércoles 15 de junio de 1994, porque Padre y Madre y yo íbamos en coche a Dover para embarcarnos en un ferry hacia Francia, e hicimos lo que Padre llama *seguir una ruta pintoresca*, que significa ir por carreteras secundarias y pararse a comer en un sitio con jardín, y yo tuve que parar para hacer pipí, y fuimos a un campo con vacas y después de que hubiese hecho pipí, miré el campo y me di cuenta de estas cosas.

1. Hay 19 vacas en el campo, 15 de las cuales son blancas y negras y 4 de las cuales son marrones y blancas.
2. Hay un pueblo a lo lejos que tiene 31 casas visibles y una iglesia con una torre cuadrada y sin aguja.
3. Hay caballos en el campo, lo que significa que en tiempos medievales era lo que se llama un *campo de bancales*, y los habitantes del pueblo tenían cada uno un bancale para cultivarlo.

4. Hay una vieja bolsa de plástico de Asda en el seto, y una lata aplastada de Coca-Cola con un caracol, y un pedazo largo de cordel naranja.
5. La esquina noreste del campo es la más alta y la esquina suroeste es la más baja (yo tenía una brújula porque íbamos de vacaciones y quería saber dónde estaba Swindon cuando estuviésemos en Francia) y el campo está ligeramente doblado hacia abajo a lo largo de la línea entre esas dos esquinas, o sea que las esquinas noroeste y sureste están ligeramente más bajas de lo que lo estarían si el campo fuese un plano inclinado.
6. Veo tres clases diferentes de hierba y flores de dos colores en la hierba.
7. Casi todas las vacas están de cara a la colina.

Y había 31 cosas más en esa lista de cosas de las que yo me dí cuenta, pero Siobhan dijo que no hacía falta que las describiera todas...".

As inquietudes do protagonista polas matemáticas e a física permiten ao autor describir problemas matemáticos, numerar os capítulos con números primos, falar de astronomía ou da inconsistencia da existencia de Deus.

O protagonista da novela enmárcase dentro do espectro autista, e podemos encontrar o libro formando parte da bibliografía recomendada na páxina web www.asperger.es.

As persoas con síndrome de Asperger teñen aspecto normal, cunha intelixencia tamén normal ou superior e presentan un comportamen-

to repetitivo, con problemas de comunicación non verbal (uso limitado de xestos, linguaxe corporal torpe, rexeitamento da proximidade física) e con dificultades de interacción social. Un neno Asperger podería ser descrito como un neno 'raro': non xoga no recreo, fala como un adulto e non entende frases de dobre sentido. Aprende de memoria as regras non escritas imprescindibles para relacionarse cos demais, e así son capaces de ter un comportamento social correcto para cada situación, pero non o fai dun modo intuitivo como un non-Asperger. Memorizan pero non o entenden. Por iso cada novidade é un problema ao que pode responder dun xeito inadecuado socialmente, incluso con agresividade. Pero por iso tamén se pode traballar conductualmente desde pequeno e, como di algunha persoa con Asperger (pódense ver vídeos en www.infoasperger.es), chegar a ser indistinguible dun non-Asperger.

O síndrome de Asperger, chamado así en recordo do pediatra austríaco que describiu por primeira vez catro casos en 1943, é un trastorno do desenvolvemento cerebral frecuente (3-7/1000 nenos de 7 a 16 anos), de maior incidencia en nenos, clasificado no DSM-IV dentro dos Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento (clave F84.5). Na Wikipedia aparecen persoas famosas diagnosticadas deste síndrome.

Volvendo á novela, Christopher Boone, o protagonista, presenta moitas das características deste síndrome.

En definitiva, unha novela fresca, con certo tono de humor, que nos permite aproximarnos dun modo comprensivo a un trastorno difícil, problemático socialmente, do que moitas veces fuximos.